



TODA A INFORMACIÓN DA COMISIÓN DE PERSOAL DO 14 DE XUÑO DE 2023

O 14 de xuño de 2023 tivo lugar a Comisión de persoal na que se trataron os seguintes temas:

MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

O sentido do voto de CCOO foi EN CONTRA, porque, aínda que houbo reunións previas para negociar esta RPT, non foron recollidas pola Consellería ningunha das alegacións achegadas. Destacamos algúns dos motivos do sentido do noso voto:

- Esta RPT ten moitas eivas: destrución de emprego público, aperturas a outras administracións públicas e a persoal docente que non teñen explicación por moito que a Consellería intente xustificálas.
- Poderíamos destacar un aspecto positivo na creación do Centro Galego da Innovación da Formación profesional Ourense. Pero aínda con isto, nos parece que dotar a este centro cun Xefatura de Negociado nivel 18 e dous postos da Agrupación profesional sexan suficientes para todas as funcións encomendadas.
- Estamos ante unha RPT que non aporta nada novo máis alá de sumar máis amortizacións e polo tanto incrementar a destrución de emprego público.

MODIFICACIÓN DA RPT DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN)

O sentido do voto de CCOO foi EN CONTRA por os seguintes motivos:

- Amortización de prazas, ademais algunhas destas prazas están ocupadas, sen ningunha xustificación e menos aínda cando no mes de decembro de 2022 se contrataron preto de 30 persoas temporais está claro que o problema é a falta de persoal e a solución pasa por contar con máis e mellores prazas, non pola destrución de emprego.
- Apertura da praza de nova creación para a dirección da Área de coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas a outras administracións.
- Non son tidas en conta ningunha das alegacións achegadas por esta organización sindical.





MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Esta RPT ven a comisión pola necesidade de crear prazas nas residencias de maiores de Burela e as Gándaras para garantir a asistencia aos usuarios do hospital asilo San Sebastián e San Lázaro do concello de Ribadeo.

Botamos de menos información máis polo miúdo para poder facer unha valoración máis axeitada as necesidades das dúas residencias e si as prazas que se crean nesta RPT son as necesarias.

Resaltamos que recoller na memoria que estes postos de traballo se amortizarán unha vez os usuarios aos que se fai referencia abandone as residencias da Consellería é algo aventurado y que en todo caso se debería por que “si fose necesario”.

En todo caso, e facendo un exercicio de responsabilidade, o sentido do voto de CCOO foi **A FAVOR**. Asemade ese exercicio de responsabilidade llo esiximos tamén aos responsables da Consellería para que se cumpran todas as garantías tanto para os usuarios e usuarias das residencias como dos traballadores e traballadoras das mesmas.

ROGOS E PREGUNTAS

Procesos selectivos da Lei 20/21.- O director xeral de Función Pública deu conta de que na vindeira semana se publicarán 37 listas provisionais correspondentes a procesos do A1 de concurso de méritos. Así como 14 de concurso-oposición.

